6. A CRTVG no ámbito orzamentario abordará no 2014, en termos xerais, as seguintes liñas de traballo. Do lado das aplicacións, os retos da xestión sitúanse en acadar unha posición de equilibrio na execución, establecer actuacións de control do gasto: adaptación ao contorno, no que desaparece a débeda bancaria, contribuíndo deste xeito a avanzar no proceso de saneamento da estrutura económico-financeira do grupo, nun contorno caracterizado pola restrición no acceso aos recursos. Do lado dos recursos, os retos si-

túanse en avanzar cara a un modelo de eficiencia na xestión orientado á optimización dos ingresos.

Estas liñas de traballo, concrépanse, entre outros, nos seguintes obxectivos operativos:

- Realizar unha provisión do servizo de radiotelevisión baixo criterios de eficiencia favorecendo a visión integral da oferta de servizo público.

- Contribuír á creación dun centro de xestión de todos os contidos para a súa utilización multisoprote nunha estrutura cada vez máis especializada e bidireccional na relación coa audiencia.

- Dotar á organización dunha maior capacidade de xestión estratéxica.

- Medidas relacionadas coa flexibilidade e a adaptación como elementos clave sobre os que se articula a xestión operativa ordinaria do grupo, as cales asociadas a un control sostido do gasto, sitúanos nunha posición para acadar unha administración axeitada e rigorosa.

- Integración e optimización da xestión de medios, de xeito que facilite o cumprimento dos obxectivos para propiciar unha posición de resultado da actividade en equilibrio.

- Adaptación selectiva dos custos de programación e actualización das plataformas tecnolóxicas de soporte.

- En termos de capacidade dispoñible, a CRTVG seguirá a cumprir coa tarefa de apoio e promoción do audiovisual galego, consciente do seu importante papel como demandante de servizos audiovisuais, en especial da industria do entretemento e a ficción.

En outro orden de cousas, as actuacións en materia de RSC e igualdade, a CRTVG amosa un renovado compromiso empresarial na implicación e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminación indirecta por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da política corporativa.

### ***I.1.1. EIXO E OBXECTIVO ESTRATÉXICOS***

<b>EIXO</b>
Economía do Coñecemento
<b>OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS</b>
Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e do coñecemento.

### I.1.2. MEDIDAS, ACTUACIÓN E INDICADORES

MEDIDA				
CÓDIGO	MEDIDA	2014	2015	2016
M04	Dinamización e consolidación do sector da comunicación	10.926.062	10.926.062	10.926.062

ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO				
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2014	2015	2016
A004	Promoción da lingua galega no ámbito dos medios de comunicación.	10.926.062	10.926.062	10.926.062

INDICADORES				
	UNIDADES	2014	2015	2016
Emisión Radio Galega	Horas	8.200	8.200	8.200
Emisión RG Música	Horas	8.200	8.200	8.200
Emisión Son Galicia	Horas	8.200	8.200	8.200

### I.1.3. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

INVESTIMENTOS						
Resumo Programa de Investimentos				Real	Estim.	Previsión
Código	Descrición	(1)	(2)	2012	2013	2014
001AB	Inmobilizacións Intanxibles	SI	NON	4.243	15.000	8.000
002AB	Inmobilizacións Materiais	SI	NON	118.864	128.000	59.062
003AB	Aumento Existencias	SI	NON	0	0	0
<b>TOTAL</b>				<b>123.107</b>	<b>143.000</b>	<b>67.062</b>

(1) A actuación está integrada nun plan de eido superior.  
(2) Actuación de fomento do I+D+I.

## I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

### I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN RECURSOS

FINANCIAMENTO			
	2012	2013	2014
Ingresos Publicitarios Netos	903.126	979.000	910.000
Outras Ventas	0	0	0
Variación Existencias P.P.Int.	0	0	0
Ingresos Convenios	98.557	50.000	45.000
Ingresos Capital Trasf. Rtdo Exer.	89.986	90.000	90.000
Outros Ingresos De Xestión	159.235	161.500	155.700
Ingresos Financeiros	142	0	100
Benef. Proc. Do Inmob. E Ings. Excep.	547.445	0	0
Exceso e Aplic. Provisións e Perd. Por	1.008.650	0	0
Aportac. Financ. Exp	10.454.473	10.270.970	9.815.262
Suma Orzamento Explotación	13.261.613	11.551.470	11.016.062

2012. Valores reais

### GASTOS

DOTACIÓNS			
	2012	2013	2014
Compras	468.058	479.600	492.000
Variación Existencias P.Externa	0	0	0
Servizos Exteriores	2.288.063	2.556.800	2.390.000
Tributos	65.641	73.000	68.000
Gastos De Persoal	8.391.052	8.197.070	7.900.000
Outros Gastos De Xestión	2.098	0	1.000
Gastos Financeiros	30.388	12.000	8.000
Perdas De Act. Non Cte E G. Excep.	0	0	0
Dotacións Para Amortizacións	202.414	233.000	157.062
Perdas Por Deter. E Outr. Dot.	80	0	0
Suma Orzamento Explotación	11.447.795	11.551.470	11.016.062

2012. Valores reais

### GASTOS DE PERSOAL (Soldos, salarios e asimilados)

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2012	156	-	5.523.613	-	35.408	-
ESTIMADO	2013	154	-1,28%	5.786.273	4,76%	37.573	6,12%
	2014	152	-1,30%	5.656.880	-2,24%	37.216	-0,95%

Nº Empleados. Non se inclúen substitucións (En 2014, 148.120 €)  
Estimado 2013. Incremento debido ao abono do complemento de capacitación e permanencia ao persoal que superou o proceso extraordinario de consolidación no emprego.

### SERVIZOS EXTERIORES

SERVIZOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2012	2013	2014
C	SERVIZOS EXTERIORES	2.288.063	2.556.800	2.390.000
<b>TOTAL</b>		<b>2.288.063</b>	<b>2.556.800</b>	<b>2.390.000</b>

### DOTACIÓNS PARA AMORTIZACIÓNS

AMORTIZACIÓNS		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2012	2013	2014
6802	Amortizac.Inmobilizado Intanxible	4.243	15.000	8.000
6812	Amortizac.Inmobilizado Material	198.171	218.000	149.062
<b>TOTAL</b>		<b>202.414</b>	<b>233.000</b>	<b>157.062</b>

## I.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

### ORIXES

FINANCIAMENTO			
	2012	2013	2014
Subvención Capital e Amp. Capit.	54.993	0	0
Aportac. Financ. Exp.	10.454.473	10.270.970	9.815.262
Autofinanciamento	112.509	143.000	67.062

FINANCIAMENTO			
(-) Aportac. Financ. Exp.	(10.454.473)	(10.270.970)	(9.815.262)
Suma Orzamento Capital	167.501	143.000	67.062
2012. Valores reais			

## REMANENTE DE TESOURERÍA

Na RTG non procede a cumplimentación deste apartado. A información solicitada preséntase consolidada no mesmo apartado dos orzamentos do Grupo.

## APLICACIÓNS

DOTACIÓNS			
	2012	2013	2014
Inmobilizacións Intanxibles	4.243	15.000	8.000
Inmobilizacións Materiais	118.864	128.000	59.062
Aumento Existencias	0	0	0
Suma Orzamento Capital	123.107	143.000	67.062
2012. Valores reais			

## ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO

ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2012	2013	2014
Patentes E Marcas	4.243	15.000	8.000
Construcións	0	0	0
Instalacións Técnicas	0	0	0
Maquinaria E Equipos Técnicos	106.656	30.000	32.000
Utilexe	0	300	300
Outras Instalacións	8.354	10.000	10.000
Moblaxe	1.757	3.000	3.000
Equipos De Oficina	0	700	0
Elementos De Transporte	0	24.000	0
Outro Inmobiliado Material	2.097	60.000	13.762
<b>TOTAL</b>	<b>123.107</b>	<b>143.000</b>	<b>67.062</b>

## FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS E NECESIDADES EXPLOTACIÓN	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2012	2013	2014
APORTACIÓNS FINANCEIRAS A EXPLOTACIÓN	10.454.473	10.270.970	9.815.262
SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	0	0	0

FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS E NECESIDADES EXPLOTACIÓN	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2012	2013	2014
<b>TOTAL</b>	<b>10.454.473</b>	<b>10.270.970</b>	<b>9.815.262</b>
<b>Xustificación: Equilibrio orzamentario Explotación e Capital</b>			

## COMPROMISOS A FUTURO

COMPROMISOS GASTOS DE EXPLOTACIÓN			
	2015	2016	2017
Compras (C. servizos TRLCSP e G. Majors)	0	0	0
Compras prod.elem.inc. (Dobraxa)	0	0	0
Traballos realizados por outras empresas	0	0	0
Gastos investigación e desenvolvemento	0	0	0
Alugueiros e cánones	99.353	6.700	6.558
Reparacións e conservación	0	0	0
Servizos de profesionais independentes	79.993	79.993	79.993
Transportes	0	0	0
Primas de seguros	13.788	11.699	11.699
Suministros	345.522	161.133	161.133
Outros servizos	88.743	88.577	88.577
Gastos de persoal	8.289.368	8.289.368	8.289.368
<b>SUMA</b>	<b>8.916.768</b>	<b>8.637.469</b>	<b>8.637.328</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014				
RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
	<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>6.741</b>	<b>6.651</b>	<b>6.561</b>
	<b>I. Inmobilizado intanxible</b>			
201, (2801), (2901)	1. Desenvolvemento			
202, (2802), (2902)	2. Concesións			
203, (2803), (2903)	3. Patentes, licencias, marcas e similares			
204	4. Fondo de comercio			
206, (2806), (2906)	5. Aplicacións informáticas			
205, 209, (2805), (2905)	6. Outro immobilizado intanxible			
	<b>II. Inmobilizado material</b>	<b>1.609</b>	<b>1.519</b>	<b>1.429</b>
210, 211, (2811), (2910), (2911)	1. Terreos e construcións	1.289	1.193	1.122
212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, (2812), (2813), (2814), (2815), (2816), (2817), (2818), (2819), (2912), (2913), (2914), (2915), (2916), (2917), (2918), (2919)	2. Instalacións técnicas, e outro immobilizado material	320	326	308
23	3. Inmobilizado en curso e anticipos			
	<b>III. Investimentos inmobiliarios</b>			
220, (2920)	1. Terreos			
221, (282), (2921)	2. Construcións			
	<b>IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo</b>	<b>4.794</b>	<b>4.794</b>	<b>4.794</b>
2403, 2404, (2493), (2494), (293)	1. Instrumentos de patrimonio	4.794	4.794	4.794
2423, 2424, (2953), (2954)	2. Créditos a empresas	4.794	4.794	4.794
2413, 2414, (2943), (2944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	<b>V. Investimentos financeiros a longo prazo</b>	<b>337</b>	<b>337</b>	<b>337</b>
2405, (2495), 250, (259)	1. Instrumentos de patrimonio			
2425, 252, 253, 254, (2955), (298)	2. Créditos a terceiros	334	334	334
2415, 251, (2945), (297)	3. Valores representativos de débeda			
255	4. Derivados			
258, 26	5. Outros activos financeiros	3	3	3
474	VI. Activos por imposto diferido			
	<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>2.165</b>	<b>2.165</b>	<b>2.165</b>
580, 581, 582, 583, 584, (599)	<b>I. Activos non correntes mantidos para a venda</b>			
	<b>II. Existencias</b>			
30, (390)	1. Comerciais			
31, 32, (391), (392)	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
33, 34, (393), (394)	3. Productos en curso			
35, (395)	4. Productos terminados			
36, (396)	5. Subproductos, residuos e materias recuperados			
407	6. Anticipos a proveedores			
	<b>III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar</b>	<b>1.178</b>	<b>1.178</b>	<b>1.178</b>
430, 435, 436, (437), (490), (4935)	1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	344	344	344
433, 434, (4933), (4934)	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas	80	80	80
44, 5531, 5533	3. Debedores varios	549	549	549
460, 544	4. Persoal	5	5	5
4709	5. Activos por imposto corrente			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014				
RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
4700, 4708, 471, 472	6. Outros créditos coas Administracións Públicas	200	200	200
5580	7. Accionistas ( socios ) por desembolsos esixidos			
	IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
5303, 5304, (5393), (5394), (593)	1. Instrumentos de patrimonio			
5323, 5324, 5343, 5344, (5953), (5954)	2. Créditos a empresas			
5313, 5314, 5333, 5334, (5943), (5944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
5353, 5354, 5523, 5524	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo	1	1	1
5305, (5395), 540, (549)	1. Instrumentos de patrimonio			
5325, 5345, 542, 543, 547, (5955), (598)	2. Créditos a empresas			
5315, 5335, 541, 546, (5945), (597)	3. Valores representativos de débeda			
5590, 5593	4. Derivados			
5355, 545, 548, 551, 5525, 565, 566	5. Outros activos financeiros	1	1	1
480, 567	VI. Periodificacións a curto prazo	27	27	27
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	959	959	959
570, 571, 572, 573, 574, 575	1. Tesourería	959	959	959
576	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	<b>TOTAL ACTIVO ( A+B )</b>	<b>8.906</b>	<b>8.816</b>	<b>8.726</b>



ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014				
RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
	<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>6.246</b>	<b>6.156</b>	<b>6.066</b>
	A.1) Fondos propios	5.121	5.121	5.121
	I. Capital	3.572	3.572	3.572
100, 101, 102 (1030), (1040) 110	1. Capital escriturado	3.572	3.572	3.572
112, 1141	2. ( Capital non esixido)			
113, 1140, 1142, 1143, 1144, 115, 119	II. Prima de emisión			
(108), (109)	III. Reservas	1.345	1.345	1.345
120	1. Legal e estatutarias	72	72	72
(121)	2. Outras reservas	1.273	1.273	1.273
118	IV. ( Accións e participacións no patrimonio propias )			
129 (557)	V. Resultados de exercicios anteriores	-1.610	204	204
111	1. Remanente		204	204
	2. ( Resultados negativos de exercicios anteriores)	-1.610		
	VI. Outras aportacións de socios	10.454	10.271	9.815
	VII. Resultado do exercicio	-8.641	-10.271	-9.815
	VIII. ( Dividendo a conta )			
	IX. Outros instrumentos do patrimonio neto			
	A.2) Axustes por cambios de valor			
133	I. Activos financeiros disponibles para a venda			
1340	II. Operacións de cobertura			
137	III. Outros			
130, 131, 132	A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos	1.125	1.035	945
	<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>1.564</b>	<b>1.564</b>	<b>1.564</b>
	I. Provisións a longo prazo	1.387	1.387	1.387
140	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal			
145	2. Actuacións medioambientais			
146	3. Provisións por reestruturación			
141, 142, 143, 147	4. Outras provisións	1.387	1.387	1.387
	II. Débedas a longo prazo			
177, 178, 179	1. Obrigas e outros valores negociables			
1605, 170	2. Débedas con entidades de crédito			
1625, 174	3. Acredores por arrendamento financeiro			
176	4. Derivados			
1615, 1635, 171, 172, 173, 175, 180, 185, 189	5. Outros pasivos financeiros			
1603, 1604, 1613, 1614, 1623, 1624, 1633, 1634	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo	178	178	178
479	IV. Pasivos por imposto diferido			
181	V. Periodificacións a longo prazo			
	<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>1.096</b>	<b>1.096</b>	<b>1.096</b>
585, 586, 587, 588, 589	I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda			
499, 529	II. Provisións a curto prazo			
500, 501, 505, 506	III. Débedas a curto prazo	1	1	1
5105, 520, 527	1. Obrigas e outros valores negociables			
5125, 524	2. Débedas con entidades de crédito			
5595, 5598	3. Acredores por arrendamento financeiro			
(190), (192), 194, 509, 5115, 5135, 5145, 525, 526, 528, 551, 5525, 5530, 5532, 555, 5565, 5566, 560, 561, 569	4. Derivados	1	1	1
	5. Outros pasivos financeiros			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014

RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
5103, 5104, 5113, 5114, 5123, 5124, 5133, 5134, 5143, 5144, 5523, 5524, 5563, 5564	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	1.095	1.095	1.095
400, 401, 405, (406)	1. Provedores	40	40	40
403, 404	2. Provedores, empresas do grupo e asociadas			
41	3. Acredores varios	496	496	496
465, 466	4. Persoal ( remuneracións pendentes de pago)	37	37	37
4752	5. Pasivos por imposto corrente			
4750, 4751, 4758, 476, 477	6. Outras débedas coas Administracións Públicas	521	521	521
438	7. Anticipos clientes			
485, 568	VI. Periodificacións a curto prazo			
	<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO ( A+B+C )</b>	<b>8.906</b>	<b>8.816</b>	<b>8.726</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
	<b>A) OPERACIONES CONTINUADAS</b>			
	1. Importe neto da cifra de negocios	989	1.029	955
700, 701, 702, 703, (708)	a) Ventas	989	1.029	955
705	b) Prestacións de servizos			
(6930), 71, 7930	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
73	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
(600), 6060, 6080, 6090, 610	4. Aprovisionamentos	-468	-480	-492
	Consumo de mercaderías	-34	-32	-39
(601), (602), 6061, 6062, 6081, 6082, 6091, 611, 612	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	-18	-27	-25
(607)	Traballos realizados por outras empresas	-415	-420	-428
(6931), (6932), (6933), 7931, 7932, 7933	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
75	5. Outros ingresos de explotación	172	162	156
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	172	162	156
740, 747	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio			
(640), (641), (6450)	6. Gastos de persoal	-8.391	-8.197	-7.900
(642), (643), (649)	Soldos, salarios e asimilados	-5.971	-6.215	-5.805
(644), (6457), 7950, 7957	Cargas sociais	-1.824	-1.865	-1.978
	Provisións	-595	-117	-117
(62)	7. Outros gastos de explotación	-2.356	-2.630	-2.459
(631), (634), 636, 639	Servicios exteriores	-2.288	-2.557	-2.390
(650), (694), (695), 794, 7954	Tributos	-66	-73	-68
(651), (659)	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais			
(68)	Outros gastos de xestión corrente	-2		-1
746	8. Amortización do inmovilizado	-202	-233	-157
7951, 7952, 7955, 7956	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	90	90	90
(690), (691), (692), 790, 791, 792	10. Excesos de provisións	1.009		
(670), (671), (672), 770, 771, 772	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	547		
	a) Deterioros e perdas			
	b) Resultado por alleamentos e outras	547		
	<b>A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)</b>	<b>-8.610</b>	<b>-10.259</b>	<b>-9.807</b>
	12. Ingresos financeiros			
7600, 7601	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
7602, 7603	En empresas do grupo e asociadas			
	En terceiros			
7610, 7611, 76200, 76201, 76210, 76211	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
7612, 7613, 76202, 76203, 76212, 76213, 767, 769	De empresas do grupo e asociados			
	De terceiros			
(6610), (6611), (6615), (6616), (6620), (6621), (6640), (6641), (6650), (6651), (6654), (6655)	13. Gastos financeiros	-30	-12	-8
	a) Por débedas con empresas do grupo			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
(6612), (6613), (6617), (6618), (6622), (6623), (6624), (6642), (6643), (6653), (6656), (6657), (669)	b) Por débedas con terceiros.			
(660)	c) Por actualización de provisións	-30	-12	-8
(6633), 7630, 7631, 7633	14. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
(6632), 7632	a) Carteira de negociación e outros			
(668), 768	b) Imputación ó resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venda			
(696), (697), (698), (699), 796, 797, 798, 799	15. Diferencias de cambio			
(666), (667), (673), (675), 766, 773, 775	16. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	a) Deterioro e perdas			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	<b>A.2) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)</b>	<b>-30</b>	<b>-12</b>	<b>-8</b>
	<b>A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)</b>	<b>-8.641</b>	<b>-10.271</b>	<b>-9.815</b>
6301, (633), 638	17. Imposto sobre beneficios			
	<b>A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+17)</b>	<b>-8.641</b>	<b>-10.271</b>	<b>-9.815</b>
	<b>B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS</b>			
	18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrumpidas neto de impostos.			
	<b>A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18)</b>	<b>-8.641</b>	<b>-10.271</b>	<b>-9.815</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014

Formulario SPA.04

RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A.

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
<b>A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN</b>			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-8.641	-10.271	-9.815
2. Axustes no resultado	-270	155	75
a. Amortización do inmovilizado (+)	202	233	157
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)	-383		
d. Imputación de subvencións (-)	-90	-90	-90
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			
h. Gastos financeiros (+)		12	8
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	-698		
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-435		
c. Outros activos correntes (+/-)	-145		
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	-21		
e. Outros pasivos correntes (+/-)	-97		
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-263	-12	-8
a. Pagos de intereses (-)		-12	-8
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)	-263		
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-9.873	-10.128	-9.748
<b>B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>			
6. Pagos por investimentos (-)	-857	-143	-67
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)	-705		
b. Inmovilizado intanxible	-4	-15	-8
c. Inmovilizado material	-147	-128	-59
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)	38		
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros	38		
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-818	-143	-67
<b>C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN</b>			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	10.509	10.271	9.815
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)	10.509	10.271	9.815
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)			
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro	178		
a. Emisión	178		
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)	178		
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2014			
Formulario SPA.04			
RADIOTELEVISIÓN GALICIA, S.A.			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2012	ESTIMADO 2013	ORZAMENTO 2014
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio			
a. Dividendos (-)			
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	10.687	10.271	9.815
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	-3		
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	959	959	959
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	959	959	959



**REDES DE TELECOMUNICACIÓN  
GALEGAS, S.A.**

**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**





## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2014 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

A formulación estratéxica de RETEGAL para o vindeiro período, como continuidade do proxecto estratéxico da empresa, baséase en dous piares fundamentais, un de carácter interno e outro marcado polo contexto.

Nomeadamente, en primeiro termo atopamos a misión da empresa, que vén determinada fundamentalmente polos seus estatutos sociais, que recollen o obxecto e os fins da súa actividade.

En segundo lugar, a contorna tecnolóxica, económica e social de Galicia, máxime nun período de crise onde os investimentos públicos cobran unha relevancia aínda máis importante do habitual, tanto polo seu impacto como pola austeridade e eficiencia que os deben guiar.

Así, no vindeiro bienio, RETEGAL deberá ser actora e motor en dúas actuacións de goberno con grande repercusión social:

1.- “Plan Director de Banda Larga 2010 - 2013 da Xunta de Galicia”.- Ao amparo deste Plan, que está previsto prorrogar no ano 2014, RETEGAL deberá continuar coa execución dunha serie de investimentos que teñen como obxectivo achegar a Sociedade da Información ás empresas e cidadáns, o que implicará, ademais do fortalecemento da propia Empresa, a necesidade de continuar coa adecuación operativa da empresa orientándoa ao negocio, o cal esixirá actualizar os seus sistemas e procesos.

2.- “Rede Corporativa de Comunicacións Móviles Dixitais de Emerxencia e Seguridade de Galicia”.- Nunha comunidade autónoma como Galicia, cunha grande dispersión xeográfica da poboación e difícil orografía, na que polas súas especiais condicións de contorna, non son infrecuentes as situacións de crise ou emerxencia, a disposición dunha rede de comunicacións móbiles de emerxencia con ampla cobertura xeográfica e elevado nivel servizo, é unha necesidade imperiosa.

A Xunta de Galicia por medio da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) en cooperación coa entidade pública Red.es, encóntrase licitando o proxecto de despregamento e posta en servizo desta Rede de Comunicacións Móviles Dixitais de Emerxencias, que se desenvolverá no período 2013-2014. Esta rede. Que prestará servizo a entidades públicas da Comunidade Autónoma, utilizará as infraestruturas adscritas a RETEGAL e será xestionada por esta sociedade.

Estas dúas actuacións, polo alcance do papel a desenvolver por RETEGAL contribuí-

rán a estabilidade da empresa a medio e longo prazo.

A mestura destes dous factores, vén a definir os que se conforman como obxectivos estratéxicos de RETEGAL para o período 2014-2016, que se formulan, xunto co desenvolvemento dos puntos anteriormente tratados, nos parágrafos que integran este primeiro epígrafe.

#### Misión de RETEGAL

Os estatutos da sociedade mercantil pública autonómica Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., definen o obxecto e os fins da súa actividade. A partir desta definición é posible formular a misión de RETEGAL do seguinte xeito:

Realización da xestión das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións de Galicia e elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que correspondan á Xunta de Galicia.

O mesmo artigo 2º dos estatutos sociais debuxa polo miúdo as funcións a desenvolver por RETEGAL no marco da súa misión. Especificamente, e de cara a este PAIF, as seguintes son as que cobran especial relevancia para a definición dos obxectivos, tanto estratéxicos como operativos:

Retegal terá por obxecto a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que ten os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso.

Así mesmo, terá por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

En particular constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades:

- A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.

- A prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

Estes elementos constitúen a compoñente interna para a definición da estratexia de RETEGAL para o vindeiro período e que, en conxunto cos factores de contorna que se desenvolven de seguido, veñen a motivar a definición dos obxectivos estratéxicos para o período 2014-2016.

A contorna tecnolóxica, económica e social

A contorna na que terá que levar a cabo a súa actividade RETEGAL nos próximos anos, vén determinada por dous ciclos. Por unha banda, o marco de lexislatura 2012-2016, no que o actual Goberno da Xunta de Galicia vén apostando polas políticas transversais cara ao desenvolvemento da Sociedade da Información. Por outra, o período de financiamento europeo 2014-2020, no que Galicia aínda recibirá fondos para abordar importantes proxectos de investimento.

Comezando por este segundo punto, o Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 mantén como obxectivo estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións [...], garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.

Neste sentido, a entón secretaría xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, agora AMTEGA, elaborou o Plan Director de Banda Larga 2010 – 2013 (que está previsto estender ao ano 2014) que ten por obxectivo estender o acceso dos servizos da sociedade da información a todos os cidadáns galegos, Plan no que se contempla o fortalecemento de RETEGAL como operador público.

Así, o referido Plan, asigna a RETEGAL una serie de recursos económicos no período 2010 – 2014 dedicados ao potenciamento e extensión da súa rede de telecomunicacións en zonas nas que, polas súas características xeográficas e poboacionais, non son de interese económico para os operadores privados. RETEGAL operará como operador neutro, poñendo os seus recursos de rede, en igualdade de condicións, á disposición da iniciativa privada, evitando ser en todo momento un elemento distorsionador das condicións de mercado, e favorecendo a implantación de servizos públicos e institucionais.

Esta absoluta prioridade do Goberno galego no desenvolvemento da Sociedade da Información e, máis en concreto, no despregamento de infraestruturas no territorio é, obviamente, un ingrediente esencial na definición da estratexia de RETEGAL. Pero, nun eido xa máis cinguido ao que veu sendo nos últimos anos a actividade principal da sociedade, non se poden esquecer o proceso de despregamento dos servizos de difusión dixitais e o reordenamento do mapa audiovisual galego asociado ao mesmo. No desenvolvemento desta nova realidade, RETEGAL, como operador público dos servizos de soporte (distribución e difusión do sinal), xoga un papel clave que permitiu situar a Galicia á cabeza da penetración e cobertura da TDT.

E, finalmente, non debe esquecerse a función de RETEGAL como instrumento favo-

recedor – e garante, no seu caso – da implantación do servizo en toda a súa extensión, complementando a iniciativa privada, o que xa se ten amosado como esencial para acadar unha ampla cobertura no medio rural.

Neste sentido, o establecido tanto polo Real Decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación dos múltiples da Televisión Dixital Terrestre tras o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, como polo Real Decreto 169/2011, do 11 de febreiro que modifica o anterior, esixirá á Xunta de Galicia actuacións tanto na rede de difusión do múltiple autonómico (adequación da canle de emisión e implementación do segundo múltiple) como nos servizos de difusión que está dando (redes de homoxeneización e extensión) coa finalidade de complementar a cobertura dos múltiples de ámbito estatal na nosa Comunidade.

En consecuencia co anterior, coa finalidade de deixar libre a utilización da porción do espectro denominado “Dividendo Dixital” - porción do espectro radioeléctrico utilizado, ata a data, polos servizos de televisión e asignado na actualidade a servizos de telefonía móbil - RETEGAL, co apoio da secretaría xeral de Medios da Xunta de Galicia debe acometer no bienio 2013 - 2014 a adecuación das canles de emisión do múltiple de TDT de ámbito autonómico nas áreas técnicas de Ares e Meda, sen esquecer a adecuación das canles de emisión dos múltiples de ámbito estatal nos mais de trescentos cincuenta centros de homoxeneización e extensión.

Hai un terceiro factor que engadir aos dous anteriores para rematar de definir o diagnóstico da situación que rodea a actividade de RETEGAL. Trátase do potencial de valor dos activos, técnicos e humanos de RETEGAL, desde o equipo profesional ata a granularidade da rede de emprazamentos espallada por todo o territorio galego, o que configura á empresa como un elemento esencial para contribuír aos propósitos xerais da política de telecomunicacións da Xunta de Galicia e, polo tanto, de desenvolvemento da Sociedade da Información no noso país. Os máis de cento oitenta emprazamentos operativos en toda a comunidade autónoma, as diferentes tecnoloxías operativas (radioligazóns PDH, SDH e IP, comunicacións por fibra en contornas DWDM, conmutación MPLS, distribución e difusión de sinais de TDT, infraestruturas móbiles, sistemas de monitorización centralizados...), a experiencia e coñecemento do equipo humano da sociedade, a participación activa, cos axentes de investigación e empresariais galegos, en proxectos innovadores avanzados, son todos elementos suficientes para que a Xunta de Galicia tomara a decisión de fortalecer RETEGAL como motor das telecomunicacións na nosa Comunidade asignándolle un protagonismo activo, que xa está a desempeñar, no marco do Plan Director de Banda Larga 2010 - 2013 e a inmediata Rede de Comunicacións Móviles de Emerxencia.

### ***1.1.1. EIXO E OBXECTIVO ESTRATÉXICOS***

A- Extensión dos servizos da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma.

Plan Director de Banda Larga 2010-2013. (previsto estendelo a 2014).

E3 - Economía do Coñecemento.
OE02 - Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos
M01 - Implantación de redes de banda larga e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia
A001 - Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia
000054 - Actuacións en infraestruturas para servizos de TV e radiodifusión (Nº)

A propia misión de RETEGAL, que supón que a empresa ten que xogar un papel activo na concepción de estratexias de futuro en relación coas telecomunicacións en Galicia e co desenvolvemento de redes e servizos avanzados ao abeiro destas, atópase como base deste obxectivo estratéxico. Así as actuacións do Plan de Banda Larga da Xunta de Galicia que ten como obxectivo despregar unha infraestruturas de telecomunicacións moderna e sostible, acorde ás necesidades reais de Galicia e ás actuais tendencias tecnolóxicas, e capaz de garantir a cidadáns e empresas de todo o territorio o seu dereito de acceso aos servizos avanzados da Sociedade da Información.

Así o Plan de Banda Larga ten por obxectivo potenciar ao operador público de infraestruturas de telecomunicacións, RETEGAL, dotándoo de máis medios e capacidades, e converténdoo nunha ferramenta que permita optimizar e acelerar o despregamento e aproveitando de toda a infraestruturas pública actual, reducindo así os custos do despregamento e favorecendo a competitividade efectiva dos operadores privados.

O Plan contempla no seu tempo de vixencia, por parte de RETEGAL, as seguintes actuacións:

Adecuación e ampliación de infraestruturas (centros, novos emprazamentos, etc...).

Ampliación da rede troncal de fibra óptica en preto de 800 Kms..

Adecuación e ampliación da rede de transporte radio.

Así pois RETEGAL fai seu o convencemento da Xunta de Galicia de que as políticas de impulso ás novas tecnoloxías e ao desenvolvemento da Sociedade da Información deben xogar un papel crucial no conxunto das políticas públicas.

Neste contexto, RETEGAL define como obxectivo estratéxico, o reforzo o seu papel

como sociedade pública para optimizar a súa contribución aos propósitos xerais da política de telecomunicacións da Xunta de Galicia e, polo tanto, de desenvolvemento da Sociedade da Información no noso país.

B- Instrumento para políticas de achegamento dos servizos de TDT e radiodifusión sonora aos cidadáns.

E3 - Economía do coñecemento.
OE02 - Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos
M01 - Implantación de redes de banda larga e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia
A001 - Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia
000054 - Actuacións en infraestruturas para servizos de TV e radiodifusión (Nº)
000328 - Equipamentos (Nº)

Para o bienio 2013-2014 RETEGAL como axente público debe:

Complementar a oferta privada de servizos de distribución e difusión do sinal da TDT.

Adequar as redes de difusión dos múltiples de TDT que xestiona conforme á nova planificación derivada do "Dividendo Dixital" garantindo, en tanto sociedade pública, a máxima cobertura do sinal de TDT, para que o achegamento deste servizo público sexa unha realidade que non se limite a meros criterios empresariais, senón a dar resposta á evidente demanda social existente.

Os investimentos precisos poderanse establecer unha vez que o ministerio de Industria, Enerxía e Turismo redefina o plan marco do dividendo dixital e se poidan analizar as accións precisas para o cumprimento do mesmo.

Efectivamente, nunha contorna de competencia imperfecta, como é a dos servizos portadores da TDT, a existencia dun axente público con capacidade técnica axeitada é o modo de asegurar que tanto os operadores audiovisuais como os cidadáns dispoñan dos servizos requiridos para a extensión da TDT e, no caso dos operadores, nunhas condicións económicas equilibradas. Isto deberá producirse sempre baixo a premisa de que a actuación do operador público non supoña unha distorsión das condicións de competencia efectiva que rexen nun mercado liberalizado senón, antes ao contrario, unha acción dinamizadora de dita competencia.

Así no trienio 2014-2016, RETEGAL, neste ámbito de actuacións , coa colaboración da secretaría xeral de Medios debe:

Manter e xestionar, como o ven facendo ata agora, o múltiple autonómico de TDT.

Despregar, se o Goberno Galego así o estima, o segundo múltiple autonómico de TDT, que permitiría á canle pública (TVG) manterse na vangarda tecnolóxica ao incorporar servizos en Alta Definición (HD).

Prestación de servizos de codificación, transporte e difusión aos múltiples de TDT de ámbito local, tanto aos xa operativos como aos que inicien as súas emisións no vindeiros anos.

A Xunta de Galicia, no Consello de Goberno do día 1 de agosto de 2013, adxudicou 84 licencias para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica de carácter comercial en ondas métricas con modulación de frecuencia na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste contexto, RETEGAL dispón das infraestruturas idóneas para cumprir os obxectivos de cobertura das localizacións consideradas.

A adxudicación pola Xunta de Galicia das referidas concesións requirirá a adecuación das infraestruturas de RETEGAL para a prestación de novos servizos de difusión.

#### C- Adecuación operativa de RETEGAL.

E3 - Economía do coñecemento.
OE02 - Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos
M99 - Soporte xeral - Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos
A001 - Soporte xeral - Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos
000091 - Aplicacións desenvolvidas (Nº)

Contéplase a continuación da adecuación, xa iniciada en anos anteriores e que en 2013 materializouse cun cambio na estrutura organizativa e funcional da empresa , dos recursos, procesos e sistemas da empresa a un novo modelo que se caracteriza por unha estrutura mais transversal e orientada a prestación de servizos extremo a extremo.

Nos vindeiros anos, esta adecuación operativa deberá focalizarse nos sistemas e procesos da empresa.

#### D- Axente de innovación en telecomunicacións

E3 - Economía do Coñecemento.
OE01 - Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento
M03 - Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial
A014 - Proxectos de I+D+i en cooperación con empresas
000776 - Proxectos de cooperación entre empresas e centros de investigación (Nº)
000785 - Proxectos de I+D+i (Nº)

Dende a súa constitución, RETEGAL mantivo un papel activo na innovación das TIC, faceta que se quere manter, e aínda reforzar, formulando como obxectivo estratéxico da entidade para o próximo trienio "participar activamente na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións".

Así, a continuidade na participación en proxectos como os pilotos avanzados en televisión dixital, como a incorporación a novas experiencias tecnolóxicas no ámbito da televisión conectada, Alta Definición (HD) ou o novo estándar DVB-T2 forman parte das prioridades estratéxicas de RETEGAL, como xeito de tirar proveito da experiencia e capacidade dos seus profesionais e de poñer en valor os seus activos tecnolóxicos.

Do mesmo xeito, RETEGAL explorará a súa capacidade de formar parte de consorcios ou partenariados público-privados, como instrumento para crear unha masa crítica innovadora en cooperación con outros axentes do sector TIC galego e para favorecer a captación de orzamentos externos destinados a proxectos tecnolóxicos innovadores. Dentro deste eido está a participación de RETEGAL no proxecto Green "Xestión e monitorización da eficiencia espectral e enerxética dun operador de telecomunicacións" e o Videoguard "Video vixilancia costeira mediante análise de vídeo intelixente", ambos os dous cofinanciados polo "Centros para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI)"

E.- Rede Corporativa de Comunicacións Móviles Dixitais de Emerxencia e Seguridade de Galicia.

E3 - Economía do Coñecemento.
OE02 - Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos
M01 - Implantación de redes de banda larga e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia



A001 - Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia
000328 - Equipamentos (Nº)

Este proxecto, cofinanciado polo Fondo Europeo para o Desenvolvemento Rexional (FEDER) e pola Xunta de Galicia, a través da AMTEGA, ten un investimento estimado de 6'5 millóns de euros, estando prevista a súa execución entre o último trimestre do ano 2013 e o 2014.

Esta rede de emerxencias e seguridade prestará servizo a distintos organismos entre os que cabe destacar a consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a consellería de Medio Rural e do Mar e a consellería de Sanidade.

Estando previsto que RETEGAL, ademais da xestión do proxecto de execución, realice a futura explotación e xestión da rede e o servizo.

### 1.1.2. MEDIDAS, ACTUACIÓNS E INDICADORES

A.- Adecuación de infraestruturas existentes e construción de novos centros de telecomunicación.-

medida				
Código	Medida	2014	2015	2016
M01	M01 - Implantación de redes de banda larga e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia	3.355.818	0	0

Contéplase a adecuación das infraestruturas existentes (casetas, sistemas de enerxía de corrente alterna e corrente continua, subministracións enerxéticas de emerxencia, torres, etc..) por mor dos requirimentos dos novos servizos de banda larga a prestar dentro da Acción 3 do Plan de Banda Larga da Xunta de Galicia.

ACTUACIÓN/obxectivo operativo				
Código	Actuación/obxectivo operativo	2014	2015	2016

A001	A001 - Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia	3.355.818	0	0
------	---	-----------	---	---

As inversións anteriores, ao ser con cargo dos orçamentos da AMTEGA, inclúen o IVE.

A001.- Construción de cincuenta e oito (58) novos centros de telecomunicación, ademais da adecuación dun (1) centro xa existente de RETEGAL, co obxecto de poder facilitar o despregamento de redes en réxime de igualdade a terceiros operadores conforme á adxudicación por parte da AMTEGA da Acción 3 do P.B.L.

indicadores			
UNIDADES	2014	2015	2016
000054 - Actuacións en infraestruturas para servizos de TV e radiodifusión (Nº)	58	n/p	n/p

B.- Adecuación das redes de difusión dos múltiples TDT ao Dividendo Dixital e adquisición de equipamento para a prestación de novos servizos.

medida				
Códi-go	Medida	2014	2015	2016
M01	M01 - Implantación de redes de banda larga e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia	SXM+RTGL ( R T G L 42.000)	42.000	42.000

ACTUACIÓN/obxectivo operativo				
Códi-go	Actuación/obxectivo operativo	2014	2015	2016
A001	A001 - Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia	42.000	42.000	42.000

A001.- Considérase a adecuación das canles de emisión das redes de TDT xestionadas á nova planificación radioeléctrica establecida pola secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información como consecuencia da liberalización do Divi-

dendo Dixital. Esta adecuación supón tanto a adquisición de novos equipos de transmisión como elementos de diplexión e adquisición de novos módulos para equipos instalados. Así como a adquisición e adaptación de equipamento de difusión e multiplexación para a prestación de novos servizos de radiodifusión e televisión e mellora dos actualmente prestados.

indicadores			
UNIDADES	2014	2015	2016
000328 - Equipamentos (Nº)	S X M + RTGL (10)	10	10

#### C.- Adecuación operativa de RETEGAL

medida				
Códi- go	Medida	2014	2015	2016
M99	M99 - Soporte xeral - Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos	30.000	30.000	30.000

As actuacións derivadas do Plan de Banda Larga 2010-2013, ademais dun forte incremento nos servizos prestados por RETEGAL, ao que hai que engadir o forte incremento dos centros de telecomunicación (está prevista a construción de 115 centros no período 2013 - 2014), esixe un novo modelo de prestación de servizos na empresa, ao ser o destinatario final dos mesmos un "cliente" en lugar dun "usuario".

A prestación de novos servizos maioristas por parte de RETEGAL, con elevados requirimentos de calidade e continuidade de servizo, esixe a adecuación da estrutura e procedementos operativos da empresa, labor xa iniciado no ano 2011 coa creación da unidade denominada Centro de Operacións.

Así mesmo, establecéronse procedementos de comunicacións cos clientes, ferramentas de traballo colaborador, ferramentas de seguimento de procesos, etc.

A adecuación operativa dunha empresa como RETEGAL, cun amplo abano de servizos particularizados e deslocalizados, é una tarefa ardua que require un plan de mellora continua.

Así, en 2013 RETEGAL modificou a súa estrutura segundo un modelo orientado a servizos que se caracteriza por unha maior transversalidade entre as diversas unidades da empresa e o seguimento dos servizos de extremo a extremo.

Esta nova estrutura de RETEGAL terá que ser afianzada en 2014, para o cal, entre outros, a empresa terá que realizar un forte esforzo no desenvolvemento de sistemas de información.

medida				
Códi- go	Medida	2014	2015	2016
M99	M99 - Soporte xeral - Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos	30.000	30.000	30.000

